

¿Cómo mercar entradas?

O proceso de compra de entradas comeza na visualización de eventos activos. Neste listado podemos ver o nome do evento, a súa descripción, o lugar, data e hora do mesmo e se o evento en cuestión ten número limitado de prazas ou non.

Venda de entradas - Concello de Lugo

Próximos Eventos				
 Arde Lvcvs MMXIII	Héroes e deuses Mythos, o noso guerreiro loitará contra as fatalidades para liberar a Lucus Augusti da ameaza dos celos de Hera. Ajudado por seres mitolóxicos como Pegaso, o cabalo alado, Hipólita, raíña das amazonas ou Artemisa, deusa guerreira e da caza.	Explanada pavillón municipal	14-06-2013 00:30h	Non Numerada 1971 dispoñibles
 Arde Lvcvs MMXIII	Circo romano - As probas dos deuses Divertimento por autonomía da antiga Roma, onde os gladiadores loitarán pola súa liberdade: enfrontamentos de bigas, combates de gladiadores e gladiatic, acrobacias e danzas místicas conxúganse para ofrecer o maior espectáculo do imperio.	Explanada pavillón municipal	15-06-2013 16:00h	Numerada
 Arde Lvcvs MMXIII	Circo romano - As probas dos deuses Divertimento por autonomía da antiga Roma, onde os gladiadores loitarán pola súa liberdade: enfrontamentos de bigas, combates de gladiadores e gladiatic, acrobacias e danzas místicas conxúganse para ofrecer o maior espectáculo do imperio.	Explanada pavillón municipal	15-06-2013 19:00h	Non Numerada 1977 dispoñibles

Picando no nome do evento, caben dúas posibilidades:

- Se o evento non é numerado, deberemos seleccionar o número de prazas que desexamos mercar na opción onde nos indica que prezo ten cada entrada
- Se o evento é numerado, deberemos seleccionar as butacas desexadas no visualizador de salas, para que automaticamente se calcule o prezo da zona seleccionada.

Venda de entradas - Concello de Lugo

Seleccionar Entradas

Evento: Héroes e deuses
Prazas dispoñibles: 1972
Prezo unidade: 2,00 €

Num. Entradas:

Unha vez teñamos o número total de prazas seleccionadas, premeremos en Realizar Comprar para enlazar coa plataforma bancaria onde introduciremos os datos da nosa tarxeta tras confirmar os datos da compra.

Venda de entradas - Concello de Lugo

Comprar entradas

Evento: Héroes e deuses
Num Entradas: 1
Total: 2 €

Comprar



No caso de acontecer calquera erro no proceso de pago (ben pola nosa tarxeta ou calquera erro do banco) e non poder finalizar a compra, a entrada seleccionada queda bloqueada durante un tempo. Pasado este tempo, e se a compra non é válida finalmente, esa entrada queda liberada de novo e volve a poñerse á venda.

Unha vez finalizado o proceso de compra na plataforma bancaria, e se o pago é correcto, visualizaremos unha páxina na que se nos mostrará un código de seguemento. Dito código deberemos gardalo para a posterior retirada da nosa entrada no sitio indicado.